

EXPEDIENTE	2022004497
ASUNTO	CONCURSO REACCIÓN POLO CLIMA 2022
TRÁMITE	NOMEAMENTO DO XURADO

BEB

A deputada, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, mediante Resolúcións Presidenciais de data 15 de xullo e 1 de agosto de 2019 (2019012988 e 2019014186, respectivamente) dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES**

1º.- No BOPPO Nº 50 de 14 de marzo de 2022, publicáronse as bases reguladoras do concurso “Reacción polo Clima”, que ten como finalidade promover a loita contra o cambio climático a través de manifestacións artísticas visuais, potenciando deste xeito o talento da mocidade e amosando as súas reivindicacións neste eido.

2º.- O premios que se convocan está dotados cun importe de dous mil (4.000,00) euros:

- Primeiro premio: 2.400,00 euros
- Segundo premio: 1.000,00 euros
- Terceiro premio: 600,00 euros

3º.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade có establecido na Base décima, procede nomear ás persoas que integran o Xurado.

- **CONSIDERACIÓN XURÍDICAS:**

1ª.- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que “(...)son competencias da Deputación a cooperación e fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincia(...)”.

2ª.- O artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que “(...)é competencia da Deputación, a organización de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura(...)”, e neste senso, convócanse este concurso.



3ª.- As Bases Reguladoras establecen, na base décima que "(...) O xurado estará integrado por representantes da Deputación dos servizos de Cohesión Social e Xuventude, Comunicación Institucional e Medio Natural, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

En todo o non previsto nestas bases o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

10.2. A composición do xurado farase pública na páxina Web da Deputación de Pontevedra, www.depo.gal, unha vez finalizado o prazo de presentación de proxectos (...)"

En consecuencia, de acordo có exposto, **RESOLVO:**

"1.- Acordar o nomeamento do Xurado da convocatoria do concurso "Reacción polo clima 2022", que estará integrado polas seguintes persoas:

Presidenta: Dª Begoña Estévez Bernárdez, Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D. Javier Pastoriza Portela, Técnico de Comunicación

Vogal: Dª Rebeca Domínguez Pérez, Xefa do Servizo de Comunicación Institucional

Vogal: Dª Concepción López Paz, Xefa do Servizo de Medio Ambiente

2.- Proceder á súa publicación na páxina Web www.depo.gal "

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

